

# O Casino

BOLETÍN INFORMATIVO DA ASOCIACIÓN CULTURAL SAN MARTIÑO DE COUSO

## Limiar

**E**ste número 3 de *O Casino* contén a programación para o Nadal. Dado que na reunión de socios do vindeiro 8 de xaneiro haberá cambios na Directiva, non se presenta a programación para o primeiro trimestre do ano 2005. A Directiva que salga da reunión decidirá se o manda despois desa reunión, ó longo do mes de xaneiro.



Volvemos a incidir sobre a escasa participación, tanto nas actividades organizadas como nas asembleas convocadas para valorar as mesmas. Tampouco en *O Casino* recibimos colaboracións. Lembrámosvos que podeades enviar colaboracións sobre calquera temática que teña que ver coa Asociación Cultural, directa ou indirectamente.



Neste Nadal, unha vez máis, un grupo de persoas, socios da Cultural, van preparar, coa súa mellor vontade, un festival de Nadal. O único premio que van obter é a resposta dos socios asistindo ó mesmo e aplaudindo e participando, na medida do posible.



Toda a Xunta Directiva da Asociación Cultural San Martiño de Couso deséxavos que pasedes un bo Nadal e teñades un próspero ano novo.

### Neste exemplar:

- |   |                        |
|---|------------------------|
| 1 | Limiar                 |
| 2 | Programación do Nadal  |
| 4 | Actividades realizadas |

# PROGRAMACIÓN

**Sábado, 4 de decembro,  
ás 15,30 horas**

## Limpeza e decoración do local



Xuntarémonos para preparar o local con motivos navideños


**Domi ngo, 19 de decembro,  
ás 10' 00**

## Sendeirismo



Muíños de Couso e de Cans (uns 7-8 km; 2-2'30 horas)

## Festival de Nadal



Tradicional actuación dos habitantes do pobo

**Domi ngo, 2 de xaneiro,  
ás 17' 00 horas**

## NADAL 2004

## Gran chocolatada



Venres, 31 de decembro,  
a partir das 12 da noite

## Bingo e visita dos Reis Magos



Xoves, 6 de xaneiro, ás  
17' 00 horas

Sábado, 8 de xaneiro, ás  
17' 30 horas en primeira  
convocatoria e ás 18' 00  
horas en segunda

## Reunión anual de Socios



Reunión anual de socios e concurso gastronómico

## Cine Clube



Proxección dunha película

Sábado, 1 de xaneiro, ás  
16' 00 horas

## Actividades realizadas

**E**xposición de Escultura: a canteira Lola Brunet expuso durante os días 16 e 17 de outubro unha dúcia das súas obras en granito no noso Centro Cultural.

**S**ábado, 30 de outubro: Proxección da película *A Pasión de Cristo* de Mel Gibson.

**D**omingo, 7 de novembro, 10'00 h: excursión polos arredores de Couso. 6 persoas participaron durante unhas dúas horas e media nesta actividade, cun bó día para ser novembro.

**S**ábado, 13 de novembro, a partir das 20'00 horas: celebrouse a festa de San Martiño no torreiro. Non faltaron as castañas, nin o viño, nin a boa música.

**S**ábado, 20 de novembro, 19'30 horas: Charla sobre a nova normativa de Seguridade Vial, a cargo de "Piño". Unhas 20 persoas asistiron a esta charla para coñecer as últimas novidades sobre a normativa de circulación.

**D**omingo, 28 de novembro, 10'00 horas: dúas persoas membros do grupo ecoloxista ADENCO acompañáronnos nesta saída, na que participaron 5 socios, para coñecer os cogumelos do noso entorno. O tempo frío e con pouco chuvia non favoreceu a aparición destes seres vivos, pero aínda tivemos ocasión de ver algunhas especies.

**O**s cursos de Punto de Cruz (luns) e Arte Floral (venres) xa están en marcha desde hai unhas semanas, cunha boa participación.



A ASOCIACIÓN  
CULTURAL  
DESÉXAVOS UN  
BO NADAL E  
PRÓSPERO ANO  
NOVO

